

FOLIADA DE NADELA

ZAPATOS DE CHICULATE
TENOS A MIÑA CADELA.
PRA LEVARE AS OVELLIÑAS
ÁS FEIRIÑAS DE NADELA. (BIS)
AI LA LE LO, AI LA LE LO

**ALÓ VÉN O GAITEIRO POR DETRÁS DO PINAR
ATA OS PINOS LLE AXUDAN A GAITIÑA A TOCAR.
A GAITIÑA A TOCAR (BIS)
ALÓ VÉN O GAITEIRO POR DETRÁS DO PINAR.**

INDO EU PRA NON SEI DONDE
INDO EU A NON SEI QUEN-E.
NA PORTA DE XA ME ENTENDES
NON ME POIDO ACORDAR BEN-E. (BIS)
AI LA LE LO, AI LA LE LO **RETROUSO**

ANDIVÉCHESTE ALABANDO
POLOS MUÍÑOS MOENDO
QUE TE CASABAS COMIGO
ISO ERA EN EU QUERENDO. (BIS)
AI LA LE LO, AI LA LE LO. **RETROUSO**

A RULA VAISE QUEIXANDO
QUE LLE LEVARON O NIÑO.
QUEN CHO MANDOU FACER RULA
TANTO Á BEIRA DO CAMIÑO? (BIS)
AI LA LE LO, AI LA LE LO **RETROUSO**

ALGÚN DÍA BEN PENSACHES
NO MEU CORAZÓN TER FLORES.
AGORA VAI ÓS CODESOS
QUE CHOS HAI NOS ARREDORES. (BIS)
AI LA LE LO, AI LA LE LO **RETROUSO...BIS**